

Amigas e amigos.

ANT apreséntavos este seu especial adicado a Ramón Cabanillas.

El representou a esta terra coa historia que era sempre anunciar o futuro. No seu tempo designou con palabras sagradas o pasado como o necesario presente.

Morrerei quen fun na veneracion á terra díxono aquel que viviu, e non só testemuña do seu tempo, con aquel seu compromiso inequívoco; el, o que nomeou a realidade imediata e escrebeu contra das sombras que ocultaban os eidos natais: a nosa historia, a súa obra, foi o edificio rigorosamente construído polos materiais dos nosos mitos nacionais. Viviu o drama de cando o tirano partiunos en dous a vida e ficamos mudos, descerebrados, porque non nos deixaron proseguir, imposíbel proseguir o pensado, imposíbel proseguir o soñado, e o presente ficou inconcluso, mais el seguiu a deslizar os seus versos como un susurro na noite, a chamar por Castelao e Bóveda e tantos.

Mais o presente, teimudo, é capaz de enxendar a esperanza nunha raiola de luz, nunha soa raiola de luz que preanuncia a palabra Terra coa luminosa sacralidade do oferente que levamos en nós, e que non é visíbel.

Así, todos os quizais algún día fiquemos extenuados no camiñar a nosa construcción nacional, todos os que camiñamos o difícil e sempre equívoco cotidiano, necesitamos de habitar a súa casa comunal, o imenso edificio do idioma que mostra de nós todo o que de verdadeiro temos, que nos mantén sempre no limiar da alba.

Para min ver hoxe as súas fotos neste especial de ANT, esa consagración da imaxe no instante que é a fotografía, móstrame ese rosto que é revelación do imenso humán que el acollía ese rosto percorrido polos ríos que fan nel a súa escrita, como escrebe o tempo coas súas espadas.

A súa obra devólvenos a súa presencia, porque ollou aos homes e as cousas para os receber e así lles dar vida, para nos dar hoxe a nosa propia vida, a nosa realidade, a que é en nos constituínte.

E para vos falar de Ramón Cabanillas están hoxe connosco Manuel Rei Romeu, profesor de lingua galega, colaborador de ANT. Ten feito crítica literaria sobre da obra de Castelao e Curros.

E Don Ricardo Carballo Calero, de quen debemos dizer que é o necesario punto de referencia da nosa dignidade nacional. Puxo nas nosas mans o soño iniciático, por el coñecimos aos nosos escritores e el está dar a nosa nación unha obra literaria fértil e profunda e verdadeira. Ver a súa obra política no estatuto, con Bóveda e Tobío, escutar o seu pensamento político, fai que a palabra política emerxa con todo o que de puro e limpo e necesario ten para chegarmos a ser o que nos soñamos como povo .